A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír no orzamento da anualidade 2024 a cantidade indicada, na aplicación sinalada.

3º.- A duración do contrato empezará a contar a partir do día seguinte ao da subscripción da acta de inicio do contrato ou data que figure na mesma, ou no seu defecto unha vez formalizado o contrato, ata o 31 de decembro de 2024, cos prazos de entrega previstos no PPT e coa redución ofertada polos adxudicatarios para cada lote.

4º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

5º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 da LCSP.

6º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo aos interesados."

	IV7WUWX23LWJZXVSQVOXKQLAEA	Fecha y Hora	17/11/2023 11:52:22
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WUWX23LWJZXVSQVOXKQLAEA	Página	18/47





A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE VERIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS CONDICIÓN S ESTABLECIDAS NA AUTORIZACIÓN DE CESIÓN DO CONTRATO DE PRESTACIÓ NS A PERSOAS MAIORES NOS CENTROS DE ATENCIÓN A MAIORES DE CASTROVERDE E PEDRAFITA DO CEBREIRO. LOTE 1 CAM CASTROVERDE.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Antecedentes:

1.- Acordo da Xunta de Goberno, de data 16 de setembro de 2022, de adxudicación do contrato das prestacións a persoas maiores nos centros de atención a maiores de Castroverde e Pedrafita do Cebreiro, 2022/CON_02/000017, lote 1 CAM Castroverde á entidade As Rodas Vivenda Comunitaria, S.L.

2.- Contrato asinado con data 24 de outubro de 2022, con CSV IV7AY7CZFJJTR6N3W34XEFJQKM.

3.- Acta de inicio do contrato con CSV IV7AYKDI3AN2ZWGDW4XTB3SBKQ, que establece unha duración de un ano, desde o día 1 de novembro de 2022, coa posibilidade de tres prórrogas máis de 1 ano + 1 ano + ata 12 meses de duración máxima, tendo en conta os compromisos establecidos nos convenios marcos e específicos entre a Deputación de Lugo e os Concellos tanto a efectos económicos como a efectos de vixencia, a cal remataría o 20.06.2026.

4.- Solicitud presentada en data 11 de outubro de 2023, con número de rexistro 2023RT015551, pola adxudicataria do contrato arriba mencionado, As Rodas Vivenda Comunitaria, S.L., de autorización de cesión da execución do devandito contrato á empresa CK Senior Gestión S.L., na que manifestan:

“Que respecto de la capacidad para contratar con la Administración y la solvencia que resulte exigible al cesionario, CK Senior Gestión, S.L., en función de la fase de ejecución del contrato, éste manifiesta que ya obra en poder de esa Diputación Provincial al haberla aportado en los expedientes número: 2022/CON/02-000012, Lote 2- CAM Ribadeo; 2022/CON/02-000015, Lote 1- CAM Pol; 2022/CON_02/000017, Lote 2- CAM Pedrafita do Cebreiro”.

5.- Informe do Servizo de Benestar Social e Igualdade de data 13 de outubro de 2023.

	IV7WUWX23LWJZXVSQVOXKQLAEA	Fecha y Hora	17/11/2023 11:52:22
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WUWX23LWJZXVSQVOXKQLAEA	Página	19/47



6.- Acordo da Xunta de Goberno do día 20 de outubro de 2023:

1.- Autorizar a cesión, pola empresa As Rodas Vivenda Comunitaria, S.L. á empresa CK Senior Gestión S.L., do contrato de prestacións a persoas maiores nos Centros de Atención a Maiores de Castroverde e Pedrafita do Cebreiro. 2022/CON_02/000017. Lote 1 CAM Castroverde.

2.- Requirir ao cesionario para que no prazo de dez días hábiles dende a notificación do presente acordo presente a seguinte documentación:

- a) Escritura pública de formalización das cesións entre o cedente e o cesionario.
- b) Resgardos acreditativos da constitución da garantía polo cesionario, polo mesmo importe que a actualmente constituída (33.790,03 euros). En tanto non se constituía a garantía polo cesionario, seguirá respondendo a constituída pola cedente.

7.- Escritura pública presentada pola empresa o día 27 de outubro de 2023 (2023/PES_03/022528) polo que a entidade CK Senior Gestión, S.L., queda subrogada en todos os dereitos e obrigas que corresponden ao cedente como consecuencia do contrato en execución de referencia, a partir do 1 de novembro de 2023.

8.- Constitución de garantía definitiva por CK Senior Gestión, S.L. por importe de 33.790,03 € (expediente administrativo 123/PES/22667).

Lexislación aplicable.

Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública.

Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante, LCSP).

Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLC).

Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007 de outubro, de Contratos do Sector Público.

Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local (LRBRL).

Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).

Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).

Restante normativa de xeral ou concordante aplicación.

	IV7WUWX23LWJZXVSQVOXKQLAEA	Fecha y Hora	17/11/2023 11:52:22	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WUWX23LWJZXVSQVOXKQLAEA	Página	20/47	



Consideracións xurídico-administrativas.

Primeira.- A cesión dos contratos réxese polo disposto no artigo 214 da LCSP, téndose autorizado pola Xunta de goberno con data de 20 de outubro de 2023, de acordo coa habilitación do PCAP na cláusula 24.3 , baixo a condición da elevación a público do acordo e remisión do resgardo da constitución da garantía.

Segunda.- Respecto do cumprimento das condicións da autorización da cesión consta:

Escritura pública con número 1938, de acordo de cesión do contrato, outorgada con data 25 de outubro de 2023, ante o Notario do Ilustre Colexio de Oviedo, D. Miguel-Ángel Bañegil Espinosa e escritura pública número 911, de ratificación, outorgada con data 26 de outubro de 2023, ante o Notario do Ilustre Colexio de Galicia, D. Carlos Antonio Doval Grande.

Garantía definitiva depositada polo cesionario (expediente administrativo 123/PES/22667).

Terceira.- Cumprido o requisito de elevación a público e constituída a garantía polo cesionario, procederase á devolución ou cancelación da garantía prestada polo cedente (artigo 111.4 da LCSP).

Cuarta.- Respecto ao órgano competente, dado que se trata dunha modificación con normativa especial (novación modificativa subxectiva), con cambio da persoa contratista, de conformidade co prego de cláusulas administrativas, os artigos 61.1 e 61.2 da LCSP e, en virtude das competencias atribuídas pola disposición adicional segunda do mesmo texto legal, o órgano de contratación que actúa en nome da Deputación provincial de Lugo é a Xunta de Goberno nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP número 202, de 3 de setembro de 2020).

Quinta.- O artigo 3.1 h do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, sinala que a emisión de informes, cando así se estableza na lexislación sectorial, é unha das atribucións que comprende a función de asesoramento legal preceptivo que lle corresponde exercer á Secretaria Xeral da entidade provincial. O apartado 4 do mencionado artigo dispón, a estes efectos, que a emisión do informe do Secretario poderá consistir nunha nota de conformidade en relación cos informes emitidos polos servizos da propia entidade e que figuren como informes xurídicos no expediente.

	IV7WUWX23LWJZXVSQVOXKQLAEA	Fecha y Hora	17/11/2023 11:52:22
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WUWX23LWJZXVSQVOXKQLAEA	Página	21/47



Sexta.- Así pois se informa favorablemente o cumprimento dos requisitos impostos á cesión con data 20 de outubro de 2023.

Polo antedito, propónse que a Xunta de Goberno, previa fiscalización favorable por parte da Intervención xeral, adopte o seguinte acordo:

1º.- Dar por cumprimentados os requisitos impostos con data 20 de outubro de 2023 na autorización da cesión contrato das prestacións a persoas maiores nos Centros de Atención a Maiores de Castroverde e Pedrafitas do Cebreiro, 2022/CON_02/000017, lote 1 CAM Castroverde.

2º.- Proceder á devolución da garantía depositada por As Rodas Vivenda Comunitaria, SL. (Expediente 122/XEN/2542. Nº operación 320220015871)."

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE REMANENTES DE INVERTEMENTOS DO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLO 2023.

Escrito do Concello de Sober, solicitando a aplicación de remanentes producidos na adxudicación do investimento 293 do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2023.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

"En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Sober, no que solicita a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos (293) no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2023, infórmase o seguinte:

1. Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 27/12/2022 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2023. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 09/01/2023.

2. Nas devanditas bases, concretamente na base 15, establécese "...Os aforros producidos ou baixas obtidas nas licitacións poderán ser investidas por cada concello, por unha soa vez, na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria (e dicir, con cargo ao mesmo programa de gasto que o investimento/

	IV7WUWX23LWJZXVSQVOXKQLAEA	Fecha y Hora	17/11/2023 11:52:22
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WUWX23LWJZXVSQVOXKQLAEA	Página	22/47





actuación onde se producira a baixa), previa proposta do Concello nos termos que se indican:

Os Concellos poderán solicitar os remanentes, baixas ou aforros producidos nas licitacións dos investimentos unha única vez, distinguidos segundo a finalidade (aplicación orzamentaria).

Establécese como prazo máximo para solicitude de remanentes o 30 de xuño de 2024, data a partir da cal non se concederá a aplicación de remanentes.

Coa solicitude deberán achegar proxecto ou memoria valorada, segundo proceda, así como indicación do financiamento do investimento.

Aos investimentos financiados con cargo a remanentes será de aplicación tanto o deber de achegar certificado de adxudicación ou acordo de execución pola propia administración (anexo III ou anexo IV) e declaración responsable das coordenadas UTM onde se colocará o cartel como todo o relativo á xustificación.

Os investimentos financiados con cargo a remanentes serán xustificados nos mesmo prazo que os inicialmente incluídos no plan, e dicir, xustificados no prazo de dous meses desde a finalización da obra/investimento, e en todo caso na data límite do 15 de novembro de 2024.”

3. O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2023 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria, en data 28/03/2023, figurando incluídas as obras que se sinalan e das cales se produce aforro ou remanente na adxudicación.

4. O Concello de Sober presentou Anexo III de obras incluídas no plan único, expresando os importes de baixas ou aforros que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención, e que se sinalan seguidamente:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	REMANENTE ACHEGA DEPUTACIÓN
SOBER	293	REXENERACIÓN DO PAVIMENTO DOS ACCESOS A CRUZ-ROSENDE, CAMPO DE ROSENDE, LAMA DE OUTEIRO, IGREXA DE VILAESCURA, A COSTA-MOLLÓN, BARANTES D ABAIXO, AS GANDARAS- VILARIÑO, A PENA DE GUNDIVESO A CIGUEÑEIRA E A BARREIRA, INCLÚIDO HONORARIOS	1531.76201	2.200,94€

5. Por escrito de data 03/11/2023 o concello solicita a aplicación destas baixas, nas seguinte actuacións relacionadas; constatándose que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

	IV7WUWX23LWJZXVSQVOXKQLAEA	Fecha y Hora	17/11/2023 11:52:22	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WUWX23LWJZXVSQVOXKQLAEA	Página	23/47	

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVERSIÓN
SOBER	REM	ACONDICIONAMENTO/REPARACIÓN DE TRAMO DE CAMIÑO MUNICIPAL EN VILANOVA, INCLÚIDO HONORARIOS	1531.76201	---	2.200,94€	2.200,94€

6. Tendo en conta a solicitude do sinalado concello, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 15 das do Plan único 2023, "...Os investimentos/actuacións así financiados, con cargo aos aforros ou baixas de licitación, someteranse a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación Provincial, unha vez recibida no seu completo a proposta municipal.

Conclusión.

Polo que va dito, infórmase favorablemente a financiación dos investimentos identificados, polos importes indicados, con cargo aos aforros ou remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos inicialmente polo Concello de Sober, no Plan Único 2023.

E canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado".

A vista do anterior, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Sober e incluír no PUC/23, como investimentos financiados con cargo aos remanentes producidos na adxudicación dos inicialmente incluídos, o investimento que deseguido se indica, debendo estar executado e xustificado nos prazos indicados inicialmente nas bases, co financiamento que se detalla:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVERSIÓN
SOBER	REM	ACONDICIONAMENTO/REPARACIÓN DE TRAMO DE CAMIÑO MUNICIPAL EN VILANOVA, INCLÚIDO HONORARIOS	1531.76201	---	2.200,94€	2.200,94€

2º.- Dar traslado da presente ao Concello indicado para ao seu coñecemento e aos efectos expresados."

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓN DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.

	IV7WUWX23LWJZXVSQVOXKQLAEA	Fecha y Hora	17/11/2023 11:52:22
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WUWX23LWJZXVSQVOXKQLAEA	Página	24/47





Proposta relativa á modificación, se procede, do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Vilalba para cooperar nas “Festas patronais San Ramón e Santa María” ano 2023.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece:

“En relación ao asunto de referencia (EXP. 2023/PES_03/022730) dende a Sección de Fomento do Servizo de Contra-tación e Fomento emítese o seguinte informe.

Antecedentes de feito.

Primeiro: A Xunta de Goberno, en sesión celebrada o 4 de agosto de 2023, acordou, por unanimidade dos asis-tentes, prestar aprobación á proposta de aprobar o texto do convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello Vilalba para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar nas “Festas patronais de San Ramón e Santa María” ano 2023 por importe total de 98.173,35€ e o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, por importe de 27.000,00 € para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio, con cargo a aplicación orzamentaria 9420.46200 do vixente orzamento xeral.

Segundo: O convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello Vilalba para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar nas “Festas patronais de San Ramón e Santa María” ano 2023 formalizouse o 8 de agosto de 2023.

Terceiro: A alcaldesa do Concello de Vilalba remitiu, o 31 de outubro de 2023 (2023RT016305), solicitude de modificación da cláusula cuarta (concretamente o prazo de xustificación dos gastos enmarcados dentro do conve-nio) motivada no atraso das distintas empresas na emisión das facturas ao concello para a súa posterior fiscaliza-ción e aprobación.

Consideracións xurídico-administrativas.

Primeira.- No convenio de referencia establécese o seguinte:

Na cláusula Cuarta.- Réxime económico.

“(…)

c) Xustificación da achega económica.

O prazo inicialmente previsto para que dende o concello de Vilalba se aporte a conta xustificativa dos gastos enmarcados dentro deste convenio abarca inicialmente ata o

	IV7WUWX23LWJZXVSQVOXKQLAEA	Fecha y Hora	17/11/2023 11:52:22
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WUWX23LWJZXVSQVOXKQLAEA	Página	25/47



1 de novembro de 2023. Este prazo de xustificación pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao Concello a través da modificación deste convenio sempre que convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo. (...)."

Na cláusula Quinta.- Duración do convenio interadministrativo.

"A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2023 e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo.

A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro 2024 debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2023, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49.h da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público".

Na cláusula Sexta.- Modificación.

"A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo previsto no artigo 49.h da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público."

Segunda: En canto ao órgano competente para aprobar a addenda ao convenio de referencia é a Xunta de Go-berno, por ser o órgano que aprobou o mesmo.

Conclusiones.

Por todo o exposto, e tendo en conta que:

O convenio está vixente e prevese a modificación do mesmo.

Media a vontade de ambas partes (concorrencia de interese común).

Que as circunstancias o aconsellan e con iso non se prexudican dereitos de terceiros.

E que non se alteran as condicións esenciais do documento inicial,

dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento informase favorablemente que pola Xunta de Goberno se acorde a modificación solicitada pola representante do Concello de Vilalba nos termos da addenda do convenio incorporada ao expediente e mantendo inalteradas o resto das cláusulas do convenio de referencia."

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

	IV7WUWX23LWJZXVSQVOXKQLAEA		Fecha y Hora	17/11/2023 11:52:22	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WUWX23LWJZXVSQVOXKQLAEA		Página	26/47	



Aprobar a segunda modificación do convenio de colaboración entre a Deputación de Lugo e o concello de Vilalba co obxecto de colaborar nos gastos derivados das “Festas patronais San Ramón e Santa María” ano 2023 no senso da addenda que quedaría redactada no seguinte senso:

Addenda do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Vilalba para cooperar nas “Festas patronais San Ramón e Santa María” ano 2023.

Reunidos.

Dunha parte, don José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con N.I.F. P-2700000I e sede social en rúa San Marcos 8, 27001 Lugo, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

Doutra parte, dona Marta María Rouco Seoane, alcaldesa do Concello de Vilalba, con N.I.F P-2706500B, e sede en Praza da Constitución, 1, 27800, Vilalba, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 21.b) b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

Ante don Alejandro Maseda Mallo, Secretario Interventor, en substitución do Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos da presente addenda e a tal efecto,

Manifestan.

Primeiro: A Xunta de Goberno, en sesión celebrada o 4 de agosto de 2023, acordou, por unanimidade dos asis-tentes, prestar aprobación á proposta de aprobar o texto do convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello Vilalba para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar nas “Festas patronais de San Ramón e Santa María” ano 2023 por importe total de 98.173,35€ e o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, por importe de 27.000,00 € para o financiamento dos fins e actuacións con-templadas no convenio, con cargo a aplicación orzamentaria 9420.46200 do vixente orzamento xeral.

	IV7WUWX23LWJZXVSQVOXKQLAEA	Fecha y Hora	17/11/2023 11:52:22
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WUWX23LWJZXVSQVOXKQLAEA	Página	27/47



Segundo: O convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello Vilalba para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar nas “Festas patronais de San Ramón e Santa María” ano 2023 formali-zouse o 8 de agosto de 2023.

Terceiro: A alcaldesa do Concello de Vilalba remitiu, o 31 de outubro de 2023 (2023RT016305), solicitude de modificación da cláusula cuarta (concretamente o prazo de xustificación dos gastos enmarcados dentro do con-venio) motivada no atraso das distintas empresas na emisión das facturas ao concello para a súa posterior fiscali-zación e aprobación.

En virtude do sinalado anteriormente, todos os representantes, recoñécense a capacidade xurídica suficiente e subscriben en nome das entidades ás que representan a presente addenda, guiados exclusivamente por conside-racións de interese público, de conformidade coas seguintes:

Cláusulas.

Primeira.- As partes acordan modificar a cláusula cuarta -Réxime económico-, apartado c -xustificación da achega económica- do convenio formalizado o 8 de agosto de 2023 que quedará redactada no seguinte senso:

Cláusula Cuarta.- Réxime económico.

“(…)

C) Xustificación da achega económica.

O prazo inicialmente previsto para que dende o concello de Vilalba se aporte a conta xustificativa dos gastos enmarcados dentro deste convenio abarca inicialmente ata o 1 de decembro de 2023. Este prazo de xustificación pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao Concello a través da modificación deste convenio sempre que convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo. (…)”

Segunda. As cláusulas restantes do convenio de referencia, en tanto non queden afectadas por esta addenda de modificación, permanecerán invariables.

Ambas partes acordan incorporar ao convenio, subscrito con data 8 de agosto de 2023, esta addenda a cal se rexerá polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes asinan a presente addenda de modificación do que como Secretario dou fe.”

	IV7WUWX23LWJZXVSQVOXKQLAEA		Fecha y Hora	17/11/2023 11:52:22	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WUWX23LWJZXVSQVOXKQLAEA		Página	28/47	



A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PLAN DE MEDIOS 2024-2027 DA DEPUTACIÓN DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia e da Vicepresidencia, do seguinte teor:

“Na sesión ordinaria da Xunta de Goberno de data 3 de xullo de 2020 aprobouse o Plan de Medios da Deputación de Lugo para os anos 2020-2023, cun alcance plurianual e unha maior concreción e planificación que o anterior Plan de Medios aprobado no ano 2019.

Visto o Plan de Medios para as anualidades 2020-2023, que se axeitaba máis á situación derivada da crise sanitaria, considerase necesaria a súa modificación e adaptación das campañas actuais, aprobando un novo Plan de Medios para as anualidades 2024-2027, por parte da Xunta de Goberno.

O Plan de Medios é un documento que permite cumprir, dun xeito eficaz e eficiente cos obxectivos da publicidade a realizar a entidade provincial, garantir a súa transparencia e ordenar, coordinar e optimizar os recursos e as accións promovidas para acadar tales fins a través dos medios propios e dos medios externos que fosen precisos, respectando as marcas e a imaxe identificativa da Deputación de Lugo e permita dotar de uniformidade todas as campañas de difusión da Deputación.

Determinase que as cantidades que figuran no plan de medios para cada unha das actuacións, teñen carácter estimativo e serán concretadas unha vez que se aproben os correspondentes procedementos de contratación. Desta forma, a súa execución estará sempre supeditada á existencia de crédito específico e suficiente.

Do mesmo xeito, tal e como indica o propio Plan de Medios, trátase dun documento vivo que pode sufrir cambios e modificacións que se deberán aprobar como addendas ao mesmo, para adaptarse ás novas necesidades que vaian xurdindo e a situación real de cada momento.

Por todo elo, unha vez rematado o deseño definitivo do Plan de Medios da Deputación de Lugo para o período 2024-2027, é urxente e necesaria a súa aprobación sen máis dilacións e poder organizar axeitadamente as campañas de publicidade desta entidade.

	IV7WUWX23LWJZXVSQVOXKQLAEA	Fecha y Hora	17/11/2023 11:52:22	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WUWX23LWJZXVSQVOXKQLAEA	Página	29/47	

En base ao anterior, propónse a Xunta de Goberno da Deputación de Lugo, se considera oportuno, proceder a:

Aprobar o Plan de Medios 2024-2027 da Deputación de Lugo (anexo), e poñelo a disposición do resto de servizos da Deputación.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO ACORDO SOBRE CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA.

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Medio Rural e do Mar e Mocidade, do seguinte teor:

Primeiro.- A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo acordou, o 24 de maio de 2019, entre outros:

“(…).

4. Aprobar as bases da convocatoria de subvencións, en concorrencia non competitiva, para a dinamización e potenciación da integridade da raza bovina rubia galega nas explotacións lucenses. Eixe 2: promoción e potenciación de reprodutoras inscritas no rexistro definitivo do libro xenealóxico da raza rubia galega nas explotacións da provincia de Lugo, dotado con 200.000,00€/ anuais (800.000,00 para o período 2019-2022).

O importe da subvención tramítase como gasto plurianual coa seguinte distribución:

Ano 2019: 200.000,00€,

Ano 2020: 200.000,00€,

Ano 2021: 200.000,00€,

Ano 2022: 200.000,00€

5. Aprobar o gasto plurianual de 800.000,00€, para a liña de subvención de dinamización e potenciación da integridade da raza bovina rubia galega nas explotacións lucenses. Eixe 2: promoción e potenciación de reprodutoras inscritas no rexistro definitivo do libro xenealóxico da raza rubia galega nas explotacións da provincia de Lugo, que se desglosa en 200.000,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 4190.48900 do orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2019; e, para as anualidades 2020, 2021 e 2022 adoptar o compromiso de dotar no orzamento xeral dos citados exercicios por importe de 200.000,00€ por anualidade, quedando supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira.

6. Aprobar o convenio de colaboración coa Asociación Nacional de Criadores de Ganado Vacuno Selecto de Raza Rubia Gallega (ACRUGA), titulado “Convenio de

	IV7WUWX23LWJZXVSQVOXKQLAEA	Fecha y Hora	17/11/2023 11:52:22
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WUWX23LWJZXVSQVOXKQLAEA	Página	30/47





entidade colaboradora entre a Deputación Provincial de Lugo e á Asociación Nacional de Criadores de Ganado Vacuno Selecto de Raza Rubia Gallega (ACRUGA) para execución da actividade “Dinamización e potenciación da integridade da raza bovina rubia galega nas explotacións lucenses”, eixo 2: Promoción e potenciación de reprodutoras inscritas no rexistro definitivo do libro xenealóxico da raza rubia galega nas explotacións da provincia de lugo, a fin de que ACRUGA adopte a condición de entidade colaboradora para a entrega e distribución dos fondos públicos aos beneficiarios desta acción do eixe 2.
(...).”

Segundo.- En cumprimento do establecido nas Bases 9 e 10 das reguladoras das subvencións citadas no apartado anterior, a entidade colaboradora (ACRUGA) instruíu e tramitou os expedientes, avaliando o seu persoal técnico (actuando colexiadamente) as solicitudes presentadas, conforme aos criterios, formas e prioridades de valoración establecidos en aquelas, emitindo informe no que se relacionan as solicitudes que cumpren os requisitos establecidos nas citadas Bases, así como aquelas outras que, por distintos motivos, teñen que ser desestimadas. Vista a documentación integrante do expediente e o dito informe técnico do órgano colexiado, a Xunta Directiva de ACRUGA formulou, o 9 de marzo de 2023, proposta de resolución do procedemento de concesión das subvencións, que foi notificada aos interesados por medio da publicación na páxina web de aquela (www.acruga.com).

Terceiro.- Xustificado polos beneficiarios o cumprimento das finalidades que determinaron a concesión das subvencións, isto é, a inscrición das femias reprodutoras da raza bovina Rubia Galega no Rexistro Definitivo do Libro Xenealóxico desta raza animal, a través da achega da documentación esixida na base 14.1; a entidade colaboradora (ACRUGA), previa revisión da mesma, emitiu certificación, o 8 de marzo de 2023, na que se relacionan tódolos beneficiarios que teñen dereito á axuda, que foi remitida á Deputación Provincial, o 10 de marzo de 2023, acompañada da citada documentación xustificativa (RE nº: 2023RT003481). Revisada pola Unidade de Medio Rural a documentación referida no parágrafo anterior, resultou que aquela se atopaba incompleta e con defectos, polo que o 14 de setembro de 2023 requiriuse á entidade colaboradora (ACRUGA) para a súa emenda; requirimento que foi contestado por aquela o 28 de setembro de 2023 (RE nº: 2023RT014876), engadindo documentación complementaria o día 11 de outubro do mesmo ano (RE nº: 2023RT015535). As citadas emendas inclúen as modificacións, do 28 de setembro de 2023, da proposta de resolución citada no antecedente Segundo; e do 26 de setembro de 2023, da certificación á que se fai referencia no primeiro parágrafo deste apartado.

Cuarto.- O 19 de outubro de 2023, a entidade colaboradora ACRUGA iniciou expediente, na sede electrónica desta entidade (2023/PES_03/022082), no que se

	IV7WUWX23LWJZXVSQVOXKQLAEA	Fecha y Hora	17/11/2023 11:52:22
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WUWX23LWJZXVSQVOXKQLAEA	Página	31/47



integraron catro comunicacións de cambio de titularidade das explotacións propiedade de senllos beneficiarios propostos por aquela, e as correspondentes solicitudes de: D. José Manuel Celeiro Rodríguez, con DNI nº: ***0968**; de D. Juan Carlos Pardo Fernández, con DNI nº: ***5180**; de D.ª María Engracia Alonso Couso, con DNI nº: ***0968**; e de D. Miguel López González, con DNI nº: ***4730**, para a subrogación na condición de beneficiarios das subvencións outorgadas a: Ferreiro Armada, SC; D.ª Ana Castro Aira; D. Iván Marey Alonso e D.ª Luz González Núñez, respectivamente.

Quinto.- Con base nestes antecedentes, dende a Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, emitíuse informe que inclúe os seguintes fundamentos de dereito:

“I. Normativa aplicable.

Consonte á Base 24ª.1, das de execución do Orzamento Xeral da Deputación Provincial de Lugo para o exercicio 2022:

“As subvencións que se outorguen pola Deputación Provincial de Lugo regúlanse por: A Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS).

O Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento (RLXS).

A Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).

A Ordenanza Xeral de Subvencións da Excma. Deputación Provincial de Lugo e INLUDES (publicada no BOP nº 53, do 7 de marzo de 2005).

A súa modificación publicada no BOP nº 160, do 13 de xullo de 2006.

A Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).

O Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Non obstante o anterior, a Base 24ª das de Execución do Orzamento Xeral da Deputación Provincial de Lugo para o exercicio 2022 será de aplicación preferente en materia económico-orzamentaria e será o marco para as bases de concesións ao abeiro do artigo 17.2 da LXS.

II. Órgano competente para resolver a concesión das subvencións.

Consonte ás Bases 9 e 10 (Instrución do procedemento e Resolución de concesión das axudas) das reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, dentro do programa de dinamización e potenciación da integridade da raza bovina Rubia Galega nas explotacións lucenses. Eixo 2: Promoción e potenciación de reprodutoras inscritas no Rexistro Definitivo do Libro Xenealóxico da raza Rubia Galega nas explotacións da provincia de Lugo:

“Base 9.- Instrución do procedemento.

	IV7WUWX23LWJZXVSQVOXKQLAEA	Fecha y Hora	17/11/2023 11:52:22
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WUWX23LWJZXVSQVOXKQLAEA	Página	32/47





1) A entidade colaboradora, ACRUGA, será a responsable de instruír e tramitar os respectivos expedientes, revisará as solicitudes presentadas e verificará que conteñan a documentación esixida na base 8. (...).

2) O proceso de avaliación da documentación xustificativa do cumprimento das actuacións subvencionables será efectuado polo persoal técnico de ACRUGA (actuando colexiadamente), entidade colaboradora da Deputación de Lugo para a xestión desta axuda. (...).

Base 10. Resolución de concesión das axudas

O persoal técnico da entidade colaboradora (ACRUGA) verificará o cumprimento das condicións por parte dos solicitantes e formulará proposta de resolución á Xunta Directiva de ACRUGA, previa valoración das solicitudes admitidas e animais validados.

A proposta de resolución deberá reflectir a relación de solicitantes aos que se lle concederá a axuda así como a relación de solicitudes rexeitadas e os motivos da desestimación.

A resolución de concesión das axudas por parte da Xunta Directiva, será obxecto de notificación por medio de publicación na páxina Web de ACRUGA (www.acruga.com). O prazo máximo para resolver e notificar a resolución ao interesado será de dous meses (ata o 10 de marzo), contados a partir do seguinte ao da conclusión do prazo establecido para presentar as solicitudes (10 de xaneiro). No caso de non ditarse resolución expresa no prazo indicado, o interesado poderá entender desestimada a súa solicitude, sen prexuízo da obriga legal de resolver expresamente conforme o disposto nos artigos 21 e 25 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas.”

Con todo, as disposicións contidas nestas Bases non se corresponden en plenitude co establecido a este respecto na LXS e na LSG, pois o artigo 22.1 da primeira establece que a proposta de concesión formularase ao órgano concedinte por un órgano colexiado a través do órgano instrutor. Entón, en aplicación deste artigo, a proposta de concesión deberá formularse ao órgano concedinte (a Xunta de Goberno da Deputación de Lugo) por un órgano colexiado (a Xunta Directiva de ACRUGA) a través do órgano instrutor (a Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade da Deputación de Lugo).

Confirma esta formulación o disposto no artigo 21.4 da LSG, segundo o cal:

“Unha vez avaliadas as solicitudes, o órgano instrutor deberá emitir informe no que se concrete o resultado da avaliación efectuada.

No suposto de que as bases previran a existencia dun órgano avaliador diferente do instrutor, será este o competente para emitir o informe previsto no parágrafo anterior. O órgano instrutor elevará o informe xunto coa proposta de resolución ao órgano de resolución.

	IV7WUWX23LWJZXVSQVOXKQLAEA	Fecha y Hora	17/11/2023 11:52:22
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WUWX23LWJZXVSQVOXKQLAEA	Página	33/47



Cando as bases reguladoras así o establezan, o órgano instrutor, á vista do expediente e, no seu caso, do informe do órgano avaliador, formulará a proposta de resolución provisional, debidamente motivada, que deberá notificarse aos interesados na forma que estableza a convocatoria, e concederá un prazo de 10 días para presentar alegacións.
(...).”

Polo tanto, a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo é a competente para resolver a concesión das axudas, e non a Xunta Directiva de ACRUGA, como queda establecido no terceiro parágrafo da transcrita Base 10; sendo axeitada a proposta de resolución (que non resolución de concesión) formulada pola Xunta Directiva de ACRUGA o 28 de setembro de 2023, segundo quedou exposto nos antecedentes Segundo a Terceiro deste informe.

As bases reguladoras de subvencións outorgadas polas entidades locais en réxime de concorrencia, competitiva e non competitiva, son produto da potestade regulamentaria que o artigo 4.1. a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local atribúe á aquelas. Así se desprende do establecido no artigo 14.1 da LSG, segundo o cal:

“... os órganos concedintes establecerán con carácter previo á disposición dos créditos as bases reguladoras aplicables á concesión”

Parece claro, pois, que as bases das subvencións que nos ocupan son as que regulan a concesión das subvencións destinadas a fomentar a promoción e potenciación de reproductoras inscritas no Rexistro Definitivo do Libro Xenealóxico da raza Rubia Galega nas explotacións da provincia de Lugo.

Con todo, en aplicación do principio de xerarquía normativa, consagrado no artigo 9.3 da nosa Constitución, a interpretación que se lle dea ao terceiro parágrafo da anteriormente transcrita Base 10 das reguladoras das subvencións non pode ser contraria ao disposto na LXS e na LSG.

III. Proposta de resolución definitiva.

En outra orde de consideracións, continúa o recentemente comentado artigo 21.4 da LSG establecendo que:

“Poderase prescindir do trámite de audiencia cando non figuren no procedemento nin sexan tidos en conta outros feitos nin outras alegacións e probas que as aducidas polos interesados. Neste caso, a proposta de resolución formulada terá o carácter de definitiva.”

Esta norma avala o feito de que a Xunta Directiva de ACRUGA formulase, o 9 de marzo de 2023 (con modificación do día 28 de setembro), proposta de resolución de

	IV7WUWX23LWJZXVSQVOXKQLAEA	Fecha y Hora	17/11/2023 11:52:22
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WUWX23LWJZXVSQVOXKQLAEA	Página	34/47





carácter definitivo e non provisional, amparando aquela a omisión do trámite de audiencia establecido no último inciso do artigo 21.4.IV da LSG.

IV. Xustificación das subvencións.

No que á xustificación das subvencións respecta, a LXS dispón, no seu artigo 30.1, que:

“A xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos no acto de concesión da subvención documentarase da maneira que se determine regulamentariamente...”

En parecido senso se pronuncia o artigo 71.1 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS, segundo o cal:

“A xustificación da subvención terá a estrutura e o alcance que se determine nas correspondentes bases reguladoras.”

Polo tanto, a regulación da xustificación das subvencións obxecto deste informe atópase na Base 14 (Xustificación das subvencións, prazos de xustificación e reducións). No que aquí interesa, segundo establece o apartado 1 da dita Base:

“Os beneficiarios da subvención, deberán xustificar a alta da femia reproductora de raza bovina pura rubia gallega na explotación, ca condición de gasto elixible, e aportar a documentación necesaria para a xustificación, dende o 1 de decembro de cada anualidade ao 10 de xaneiro da anualidade seguinte.

Os beneficiarios deberán presentar ante a entidade colaboradora (ACRUGA) a seguinte documentación xustificativa:

Relación dos animais para os pide a axuda prevista nestas bases, identificándose polo seu número de Crotal e alta no libro da explotación.

Declaración responsable do titular ou do representante da entidade de non ter solicitado nin concedidas outras subvencións públicas para o mesmo obxecto ou actividade.

Declaración responsable do titular ou do representante da entidade de ser coñecedor de que a subvención se atopa acollida ao Regulamento (UE) nº 1408/2013, da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de mínimos no sector agrícola (...).

Declaración responsable da existencia, no lugar onde radique a actuación subvencionada, de cartel indicativo da mesma, o cal lle será facilitado gratuitamente pola Deputación Provincial, e mostra fotográfica da súa colocación, segundo modelo normalizado. Colocarase un cartel por explotación beneficiaria, en estancia física visible.

	IV7WUWX23LWJZXVSQVOXKQLAEA	Fecha y Hora	17/11/2023 11:52:22	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WUWX23LWJZXVSQVOXKQLAEA	Página	35/47	

Acreditar, mediante certificación expedidas ao efecto polos Organismo correspondentes, de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias (Estado e Comunidade Autónoma), Seguridade Social, e Deputación Provincial para aqueles beneficiarios que teñan concedida unha cantidade superior aos 3.000 euros. No resto dos casos, declaración responsable do beneficiario conforme está ao corrente no cumprimento das obrigas.

(...).

Declaración responsable de non ser debedor por Resolución de procedemento de reintegro.

Documento acreditativo da conta bancaria á que se transferirá o importe da subvención que puidera concederse.

Declaración responsable de manter na explotación a reprodutora obxecto de axuda durante un período mínimo de 24 meses.

Debe xuntarse copia do libro da explotación ao fin de comprobar a alta do animal (femia) e a súa permanencia na explotación durante 24 meses.

Logo de transcorrer o prazo establecido da xustificación das subvencións sen que a xustificación das actuacións fose presentada ante ACRUGA, ésta requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de dez días sexa presentada.

A rendición da xustificación constitúe un acto obrigatorio do beneficiario.

A entidade colaboradora (ACRUGA) revisará o cumprimento das actuacións e a documentación xustificativa antes do 10 de marzo da anualidade seguinte á finalización do ano natural de actuacións, emitindo unha certificación asinada polo representante de ACRUGA, na que se relacionen tódolos beneficiarios que teñen dereito á axuda, nif, relación de animais e data de alta na explotación, data de inscrición do libro rexistro definitivo do libro xenealóxico da raza rubia gallega, cos respectivos importes a recibir. Nesta certificación farase constar o cumprimento das condicións estipuladas nas bases. Esta certificación será enviada á Deputación Provincial de Lugo, para a súa revisión e posterior autorización para os pagos aos beneficiarios que materializará ACRUGA, antes do 15 de marzo (acompañada da documentación xustificativa sinalada nesta base 14.1). A resolución de autorización será emitida pola Xunta de Goberno da Deputación de Lugo e enviada a ACRUGA antes do 15 de Abril de cada ano, fixándose así un prazo de 14 días naturais para que a entidade colaboradora poida efectuar os pagos aos beneficiarios."

A documentación que obra no expediente correspóndese coa esixida na Base transcrita. Con todo, cómpre ter en conta as seguintes consideracións:

1ª.- Tal e como se reflicte na relación de documentos que, segundo a Base 14.1, os beneficiarios deberán presentar ante a entidade colaboradora (ACRUGA) para a xustificación das subvencións, aqueles debían achegar copia do Libro da Explotación ao fin de comprobar a alta do animal na mesma, así como a súa permanencia nela.

	IV7WUWX23LWJZXVSQVOXKQLAEA	Fecha y Hora	17/11/2023 11:52:22
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WUWX23LWJZXVSQVOXKQLAEA	Página	36/47





Tódolos beneficiarios achegaron unicamente a copia da/s folla/s do citado Libro onde figura/n os animais elixibles para a subvención, o que dende o centro xestor se considerou axeitado, pois, se se ten en conta que os Libros de Explotación contan, na maioría dos casos, con máis de 50 páxinas, incluílas todas resultaría contrario aos principios de simplicidade, racionalización e axilidade dos procedementos administrativos, e economía, que deben respectar as Administracións Públicas na súa actuación, en virtude do establecido no artigo 3 da LRXSP.

Porén, requiriuse a aqueles para que, ademais da copia das follas dos Libros de Explotación onde figuran os animais obxecto das solicitudes de subvención, achegaran copia da primeira páxina daquel, na que se reflectiran os datos de identificación dos beneficiarios das subvencións e que se integran no expediente.

2ª.- O anterior derivou na circunstancia de que se advertiu que, conforme aos usos sociais do sector gandeiro, nos casos de cambio de titularidade das explotacións, os novos titulares tachaban no Libro de Rexistro da explotación o nome do anterior propietario, para poñer a continuación os datos do novo, ou, nalgúns casos, incluso tapaban os datos dos antigos titulares cun adhesivo no que inscribían os seus propios datos.

Dende a Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, considerouse esta práctica de dubidosa validez, aos efectos de acreditar a titularidade da explotación polos beneficiarios das subvencións, polo que se requiriu á entidade colaboradora para que achegase, nos casos en que se dera esta circunstancia, algún documento con valor probatorio da titularidade da explotación.

Por elo, intégranse no expediente, nos casos en que se da a situación recentemente descrita, copias da denominada “Carta Verde”, que é un documento de acreditación sanitaria, expedido pola Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia, no que se reflicte a identidade do titular da explotación, así como os animais que están dados de alta nela.

3ª.- Por outra banda, como se pode ver nas fotos dos carteis que indican que a actuación dos beneficiarios está subvencionada, estes non reflicten o importe da subvención que corresponde a cada beneficiario. Esta situación deriva do feito de que a colocación dos ditos carteis foi anterior á aprobación da proposta de concesión das subvencións e, polo tanto, da súa xustificación, o que implicaba o incerto da cantidade a percibir, pois, tal e como está previsto no último parágrafo da Base 2:

“Existe concorrencia, pero non competitiva, posto que o importe anual de subvención, dividírase e repartírase entre os beneficiarios, mediante a correspondente operación matemática en función das femias reprodutoras da raza bovina pura Rubia Gallega no Rexistro Definitivo do Libro Xenealóxico desta raza.”

	IV7WUWX23LWJZXVSQVOXKQLAEA	Fecha y Hora	17/11/2023 11:52:22
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WUWX23LWJZXVSQVOXKQLAEA	Página	37/47



Polo tanto, a Deputación de Lugo facilitou aos beneficiarios os ditos carteis, en cumprimento do establecido na Base 7.10) das reguladoras das subvencións; mais nese momento non se podía calcular o importe correspondente a cada beneficiario, pois estaban pendentes de aprobación, como se dixo, a proposta de concesión e as xustificacións achegadas polos beneficiarios, o que non é óbice para ter por cumprida por estes a obriga de colocación dos ditos carteis.

V. Contía das subvencións.

Na proposta de resolución formulada pola entidade colaboradora ACRUGA, o 28 de setembro de 2023, e na certificación emitida polo seu presidente o día 26 do mesmo mes, reflíctese que foron 1.034 os animais elixibles, segundo os criterios establecidos nas Bases reguladoras das subvencións.

Sendo que o importe total das subvencións a conceder nesta acción de fomento durante a anualidade 2022 é de 200.000 €, resulta que cada animal elixible da dereito a percibir unha subvención de 193,42 €, consonte ao establecido na Base 2 das reguladoras das subvencións. Polo tanto, a contía total das axudas a outorgar, correspondente a anualidade 2022, ascende a 199.996,28 €.

Nos ditos documentos tamén se reflicte que os 1.034 animais elixibles pertencen a 394 explotacións gandeiras da provincia de Lugo. Con todo, unha delas reviste a forma de Comunidade de Bens, polo que, en aplicación do disposto no artigo 11.3 da LXS, os seus tres membros terán, tamén, a condición de beneficiarios da subvención. Polo tanto, o número total de beneficiarios das subvencións é de 397.

VI. Compatibilidade das subvencións con outras correspondentes a outra anualidade do mesmo Programa.

Cómpre indicar que, dos 397 solicitantes propostos pola entidade colaboradora como beneficiarios das subvencións correspondentes á anualidade 2022, a maior parte xa foron beneficiarios das subvencións nunha anualidade, en varias ou en todas as anteriores edicións do Programa (2019, 2020 e 2021).

Neste senso, hai que ter en conta que non está previsto nas Bases reguladoras das subvencións nin na normativa de aplicación que este feito poida derivar na exclusión de aqueles da relación de beneficiarios incluída na proposta de resolución definitiva formulada por ACRUGA o 28 de setembro de 2023.

Con todo, comprobouse que ningún dos animais para os que se solicita a subvención da anualidade 2022 fora xa animal elixible nas subvencións dos anos 2019, 2020 e 2021, sendo o resultado da comprobación negativo.

VII. Condición de beneficiarios

Finalmente, subliñar que a documentación integrante do expediente reflicte o cumprimento pleno, por parte dos solicitantes propostos como beneficiarios pola entidade colaboradora ACRUGA, dos requisitos establecidos nas Bases Reguladoras das subvencións, constando, asemade, o cumprimento (á data de comprobación da

	IV7WUWX23LWJZXVSQVOXKQLAEA	Fecha y Hora	17/11/2023 11:52:22
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WUWX23LWJZXVSQVOXKQLAEA	Página	38/47





documentación) do compromiso de aqueles de manter na explotación ás reprodutoras obxecto das axudas durante un período mínimo de 24 meses na explotación, unha vez dadas de alta no Rexistro Definitivo do Libro Xenealóxico da raza Rubia Galega.

VIII. Solicitudes de subrogación.

VIII. I. Acumulación de procedementos.

Tendo en conta a conexión entre as solicitudes mencionadas no antecedente cuarto deste informe e o disposto nos artigos: 57 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (en adiante, LPACAP) e 3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público (en adiante, LRXSP); estimo axeitada e recomendable a tramitación das catro solicitudes nun mesmo procedemento.

VIII. II. Estimación das solicitudes.

Consonte ao artigo 31.4.a) LXS:

No suposto de adquisición, construción, rehabilitación e mellora de bens inventariables, seguiranse as seguintes regras:

a) As bases reguladoras fixarán o período durante o cal o beneficiario deberá destinar os bens ao fin concreto para o que se concedeu a subvención, que non poderá ser inferior a cinco anos no caso de bens inscribibles nun rexistro público, nin a dous anos para o resto de bens.

Sendo as femias reprodutoras unha clase de bens, en concreto, bens semovientes, que son inventariables, en aplicación desta norma, as Bases 4 e 7 das reguladoras das subvencións citadas no encabezamento, establecen, entre outros, o compromiso e a obriga dos beneficiarios das subvencións de manter os animais polos que se concede a axuda, na propia explotación, durante un período mínimo de 24 meses, salvo causa de forza maior.

Esta esixencia ten o seu fundamento no cumprimento da finalidade última da acción de fomento que da orixe ás subvencións, que non é outra que a promoción e potenciación de reprodutoras inscritas no Rexistro Definitivo do Libro Xenealóxico da raza Rubia Galega nas explotacións da provincia de Lugo, e que quedaría diluída se, unha vez recibida a axuda, o beneficiario puidera dar de baixa na explotación ao animal ou, incluso, a propia explotación.

O carácter modal da medida de fomento administrativo que constitúen as subvencións, esixindo o pleno cumprimento da actividade prevista ou que o beneficiario teña un determinado comportamento, foi declarado de forma constante

	IV7WUWX23LWJZXVSQVOXKQLAEA	Fecha y Hora	17/11/2023 11:52:22
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WUWX23LWJZXVSQVOXKQLAEA	Página	39/47



pola doutrina do Tribunal Supremo. Sirvan de exemplo, entre outras, as SSTs: do 13 de xaneiro de 2003, recurso de casación 6885/1998; do 12 de maio de 2004, recurso de casación 4776/2000; e do 17 de outubro de 2005, recurso de casación 158/2000.

E é que a subvención comporta unha atribución de diñeiro ao beneficiario a cambio de adecuar o exercicio da súa actuación aos fins perseguidos coa medida de fomento e que serven de base para o seu outorgamento. A subvención responde, polo tanto, á finalidade de intervir a Administración, a través duns condicionamentos libremente aceptados polo beneficiario, na actuación deste.

En definitiva, as cantidades que se outorgan ao beneficiario están vinculadas ao pleno cumprimento dos requisitos e ao desenvolvemento da actividade prevista ao efecto. Existe, por tanto, un carácter condicional na subvención, no sentido de que o seu outorgamento prodúcese sempre baixo a condición resolutoria de que o beneficiario cumpra unhas esixencias ou teña un determinado comportamento ou realice unha determinada actividade nos concretos termos en que procede a súa concesión.

No caso que nos ocupa, as subvencións concedidas teñen un carácter, aparte de modal, obxectivo, pois o suposto de feito que da orixe ao dereito a percibilas consiste, de acordo co establecido na base 4 das reguladoras das subvencións, na inscrición das femias reprodutoras da raza bovina pura Rubia Galega no Rexistro Definitivo do Libro Xenealóxico desta raza, co compromiso dos titulares das explotacións de manter as reprodutoras un mínimo de 24 meses nas explotacións.

Polo tanto, se nun principio a selección dos beneficiarios e a aprobación da concesión das subvencións se realizaron por razón da inscrición das reprodutoras no citado Rexistro, o feito de que, unha vez producida a transmisión das explotacións, os novos titulares o comuniquen e soliciten que se lles recoñeza como beneficiarios, asumindo o compromiso de mantemento do animal na explotación polo período comprometido, así como o resto de compromisos e obrigas establecidos nas Bases Reguladoras das subvencións e no resto das disposicións normativas que resulten de aplicación, significa, ao meu xuízo, que a Administración, con base nestas incidencias sobrevidas, actúa correctamente autorizando as subrogacións, pois os novos titulares suceden aos anteriores nos dereitos e obrigas inherentes á resolución de concesión, manténdose, polo tanto, a finalidade que a fundamentou: A promoción e potenciación de reprodutoras inscritas no Rexistro Definitivo do Libro Xenealóxico da raza Rubia Galega.

Por outra banda, consonte ao artigo 11.1 da LXS:

	IV7WUWX23LWJZXVSQVOXKQLAEA	Fecha y Hora	17/11/2023 11:52:22
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WUWX23LWJZXVSQVOXKQLAEA	Página	40/47





Terá a consideración de beneficiario de subvencións a persoa que haxa de realizala actividade que fundamentou o seu outorgamento ou que se atope na situación que lexítima a súa concesión.

Sendo que a base 3 das reguladoras das subvencións establece que “poderán ser beneficiarios desta axudas aqueles titulares de explotación gandeira que críen animais bovinos de pura raza Rubia Galega inscritos no Rexistro Definitivo do Libro Xenealóxico desta raza...”, o feito de que os novos titulares da explotación, unha vez acreditado que se atopan en situación lexítima para ser beneficiarios das subvencións, asuman o compromiso de subrogarse en tódalas obrigas establecidas nas bases reguladoras e no resto das disposicións normativas que resulten de aplicación, lexítiman novamente á Deputación de Lugo para autorizalas subrogacións.

E é que non podemos máis que resaltar que os solicitantes acreditaron ante a entidade colaboradora ACRUGA o cumprimento de tódolos requisitos para ostentar a condición de beneficiarios das subvencións, ao que hai que engadir que o feito de autorizalas subrogacións non é obstáculo para que se manteña a finalidade de utilidade pública pola que se concederon aquelas, requisitos estes establecidos nos informes da Avogacía do Estado 5/02, do 20 de novembro de 2002, e 4/03, do 10 de decembro de 2003, ante a falta duns criterios obxectivos para a resolución das solicitudes de subrogación na lexislación de subvencións e na xurisprudencia.

Ademais, as solicitantes das subrogacións achegaron documentos nos que, aparte de comunicar á Deputación de Lugo o feito da transmisión das explotacións, asumen expresamente todos os compromisos e obrigas inherentes á condición de beneficiarias das subvencións; aos que acompañaron dos correspondentes documentos, emitidos pola Delegación Territorial de Lugo da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural, que acreditan o cambio de titularidade das explotacións no seu favor, ademais das “Cartas Verdes”, emitidas tamén pola Consellería do Medio Rural, e que acreditan que os animais elixibles permanecen nas explotacións.

Informe.

Tendo en conta o ata aquí exposto, estimo correcta a proposta de resolución formulada pola Xunta Directiva da entidade colaboradora (ACRUGA), o 28 de setembro de 2023, a documentación achegada polos beneficiarios para a xustificación das subvencións e cumpridos os fins para os cales se concederon estas; así como a estimación das solicitudes de subrogación presentadas, polo que informo favorablemente para que, logo dos demais trámites regulamentarios, se acorde pola Xunta de Goberno:

	IV7WUWX23LWJZXVSQVOXKQLAEA	Fecha y Hora	17/11/2023 11:52:22
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WUWX23LWJZXVSQVOXKQLAEA	Página	41/47



1. Aprobar a proposta de resolución definitiva formulada pola Xunta Directiva da entidade colaboradora (ACRUGA), o 28 de setembro de 2023, que consta no expediente.
2. Ditar resolución de concesión das subvencións, de conformidade coa proposta de resolución citada no apartado anterior.
3. Autorizar á entidade colaboradora (ACRUGA) para o pago das subvencións aos beneficiarios que se relacionan na devandita proposta de resolución.
4. Estimar a solicitude presentada por D. José Manuel Celeiro Rodríguez, con DNI nº ***0968**, e autorizar a subrogación na condición de beneficiario da subvención concedida a Ferreiro Armada, SC, con NIF: J27428598, por importe de 580,26 €; quedando aquel sometido ao réxime de dereitos e obrigas establecido na Base 7 das reguladoras das subvencións, así como ao resto de compromisos e obrigas establecidos nas ditas Bases Reguladoras e no resto das disposicións normativas que resulten de aplicación.
5. Estimar a solicitude presentada por D. Juan Carlos Pardo Fernández, con DNI nº ***5180**, e autorizar a subrogación na condición de beneficiario da subvención concedida a D.ª Ana Castro Aira, con DNI nº: ***5011**, por importe de 386,84 €; quedando aquel sometido ao réxime de dereitos e obrigas establecido na Base 7 das reguladoras das subvencións, así como ao resto de compromisos e obrigas establecidos nas ditas Bases Reguladoras e no resto das disposicións normativas que resulten de aplicación.
6. Estimar a solicitude presentada por D.ª María Engracia Alonso Couso, con DNI nº ***0968**, e autorizar a subrogación na condición de beneficiaria da subvención concedida a D. Iván Marey Alonso, con DNI nº: ***4640**, por importe de 967,10 €; quedando aquela sometida ao réxime de dereitos e obrigas establecido na Base 7 das reguladoras das subvencións, así como ao resto de compromisos e obrigas establecidos nas ditas Bases Reguladoras e no resto das disposicións normativas que resulten de aplicación.
7. Estimar a solicitude presentada por D. Miguel López González, con DNI nº ***4730**, e autorizar a subrogación na condición de beneficiario da subvención concedida a D.ª Luz González Núñez, con DNI nº: ***1834**, por importe de 386,84 €; quedando aquel sometido ao réxime de dereitos e obrigas establecido na Base 7 das reguladoras das subvencións, así como ao resto de compromisos e obrigas establecidos nas ditas Bases Reguladoras e no resto das disposicións normativas que resulten de aplicación.”

Sexto.- Vista a documentación achegada, así como o dito informe da Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, a Intervención da Deputación Provincial de Lugo fiscalizou de conformidade o expediente, o 2 de novembro de 2023.

	IV7WUWX23LWJZXVSQVOXKQLAEA	Fecha y Hora	17/11/2023 11:52:22
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WUWX23LWJZXVSQVOXKQLAEA	Página	42/47





Por todo canto vai exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a proposta de resolución definitiva formulada pola Xunta Directiva da entidade colaboradora (ACRUGA), o 28 de setembro de 2023, que consta no expediente.

2º.- Ditar resolución de concesión das subvencións, de conformidade coa proposta de resolución citada no apartado anterior.

3º.- Autorizar á entidade colaboradora (ACRUGA) para o pago das subvencións aos beneficiarios que se relacionan na devandita proposta de resolución.

4º.- Estimar a solicitude presentada por D. José Manuel Celeiro Rodríguez, con DNI nº ***0968**, e autorizar a subrogación na condición de beneficiario da subvención concedida a Ferreiro Armada, SC, con NIF: J27428598, por importe de 580,26 €; quedando aquel sometido ao réxime de dereitos e obrigas establecido na Base 7 das reguladoras das subvencións, así como ao resto de compromisos e obrigas establecidos nas ditas Bases Reguladoras e no resto das disposicións normativas que resulten de aplicación.

5º.- Estimar a solicitude presentada por D. Juan Carlos Pardo Fernández, con DNI nº ***5180**, e autorizar a subrogación na condición de beneficiario da subvención concedida a D.ª Ana Castro Aira, con DNI nº: ***5011**, por importe de 386,84 €; quedando aquel sometido ao réxime de dereitos e obrigas establecido na Base 7 das reguladoras das subvencións, así como ao resto de compromisos e obrigas establecidos nas ditas Bases Reguladoras e no resto das disposicións normativas que resulten de aplicación.

6º.- Estimar a solicitude presentada por D.ª María Engracia Alonso Couso, con DNI nº ***0968**, e autorizar a subrogación na condición de beneficiaria da subvención concedida a D. Iván Marey Alonso, con DNI nº: ***4640**, por importe de 967,10 €; quedando aquela sometida ao réxime de dereitos e obrigas establecido na Base 7 das reguladoras das subvencións, así como ao resto de compromisos e obrigas establecidos nas ditas Bases Reguladoras e no resto das disposicións normativas que resulten de aplicación.

7º.- Estimar a solicitude presentada por D. Miguel López González, con DNI nº ***4730**, e autorizar a subrogación na condición de beneficiario da subvención concedida a D.ª Luz González Núñez, con DNI nº: ***1834**, por importe de 386,84 €; quedando aquel sometido ao réxime de dereitos e obrigas establecido na Base 7 das

	IV7WUWX23LWJZXVSQVOXKQLAEA	Fecha y Hora	17/11/2023 11:52:22
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WUWX23LWJZXVSQVOXKQLAEA	Página	43/47



reguladoras das subvencións, así como ao resto de compromisos e obrigas establecidos nas ditas Bases Reguladoras e no resto das disposicións normativas que resulten de aplicación.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS RENUNCIAS DAS SUBVENCIONES CONCEDIDAS POLO PROCEDEMENTO DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA DENTRO DO PROGRAMA “DA ESCOLA Á GRANXA” NA ANUALIDADE 2023.

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Medio Rural e do Mar e Mocidade, do seguinte teor:

“I. O 26 de xullo de 2023 foi publicada no BOP resolución definitiva de concesión das subvencións de referencia, entre outras, ás beneficiarias, co obxecto e polos importes que se describen:

BENEFICIARIA	OBXECTO	IMPORTE
APA Colegio Público Pantón	Visita á Cooperativa Milhulloa	883 €
	Visita a Traloagro, SL	883 €
ANPA CEIP Rosalía de Castro	Obradoiro ADEGA	498,75 €

II. Os días 3 e 30 de outubro de 2023, tiveron entrada no Rexistro Electrónico Xeral desta entidade escritos das representantes das beneficiarias citadas, renunciando ás subvencións que lles foran concedidas.

III. Á vista dos ditos escritos de renuncia, dende a Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, informouse favorablemente a súa aceptación e a conclusión dos procedementos relativos ás devanditas subvencións.

Polo exposto, propoño que pola Xunta de Goberno se acorde:

1º.- Aceptar as renuncias ás subvencións outorgadas, no seo do Programa “Da escola á granxa”, ás entidades, cos obxectos e polos importes seguintes:

BENEFICIARIA	OBXECTO	IMPORTE
APA Colegio Público Pantón	Visita á Cooperativa Milhulloa	883 €
	Visita a Traloagro, SL	883 €
ANPA CEIP Rosalía de Castro	Obradoiro ADEGA	498,75 €

	IV7WUWX23LWJZXVSQVOXKQLAEA	Fecha y Hora	17/11/2023 11:52:22
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WUWX23LWJZXVSQVOXKQLAEA	Página	44/47





2º.- Declarar conclusos os procedementos relativos ás citadas subvencións.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9.- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN DE RENUNCIA DO EXPEDIENTE SUBDOT-2022/048 DE SUBVENCIÓN OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA PARA A DOTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS COMUNITARIOS, PARA O ANO 2022.

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:

“Primeiro.- Con data 21 de abril de 2023 a Xunta de Goberno, con base na proposta da Comisión de valoración, acordou aprobar a proposta de resolución provisional da concesión das subvencións, en réxime de concorrência competitiva, dentro do “Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2022”, de acordo aos criterios de valoración establecidos na Base 10. Criterios de valoración, das Bases para o desenvolvemento do programa.

Segundo.- Unha vez finalizado o trámite de audiencia sen que se formulasen alegacións, dito acordo de resolución provisional ten carácter definitivo. Na antedita proposta inclúese a solicitude tramitada co número de expediente SUBDOT-2022/048, correspondente a dona Mª Engracia Fernández Vázquez con nº NIF ***1315** en representación da Agrupación de Veciños de Sampil-Pinor, as obras de “Acondicionamento do camiño de Sampil a Cadeiras”, concedéndolle unha subvención por importe de 6.000,00 €.

Terceiro.- dona Mª Engracia Fernández Vázquez (Sober), en representación da Agrupación de Veciños de Sampil-Pinor, presenta escrito con data de rexistro de entrada 27 de xullo de 2023, solicitando a renuncia á subvención SUBDOT-2022/042.

Polo anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo.

Acceder á petición formulada por dona Mª Engracia Fernández Vázquez con nº NIF ***1315** en representación da Agrupación de Veciños de Sampil-Pinor (Sober), e aceptar a renuncia da subvención outorgada pola Xunta de Goberno con data 21 de abril de 2023, tramitada co número de expediente SUBDOT-2022/048, para a Dotación e mellora de servizos comunitarios, por importe de 6.000,00 €.”

	IV7WUWX23LWJZXVSQVOXKQLAEA	Fecha y Hora	17/11/2023 11:52:22
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WUWX23LWJZXVSQVOXKQLAEA	Página	45/47



A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

10.- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN DE RENUNCIA DO EXPEDIENTE SUBDOT-2022/138 DE SUBVENCIÓN OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA PARA A DOTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS COMUNITARIOS, PARA O ANO 2022.

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:

“Primeiro.- Con data 21 de abril de 2023 a Xunta de Goberno, con base na proposta da Comisión de valoración, acordou aprobar a proposta de resolución provisional da concesión das subvencións, en réxime de concorrència competitiva, dentro do “Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2022”, de acordo aos criterios de valoración establecidos na Base 10. Criterios de valoración, das Bases para o desenvolvemento do programa.

Segundo.- Unha vez finalizado o trámite de audiencia sen que se formularsen alegacións, dito acordo de resolución provisional ten carácter definitivo. Na antedita proposta inclúese a solicitude tramitada co número de expediente SUBDOT-2022/138, correspondente á Agrupación de Veciños de Horta-Chao de Vila e Valiña, as obras de “Mellora traída de augas de Horta-Chao de Vila e Valiña”, concedéndolle unha subvención por importe de 6.000,00 €.

Terceiro.- dona Susana González Sanjurjo (As Nogais), en representación da Agrupación de Veciños de Horta-Chao de Vila e Valiña, presenta escrito con data de rexistro de entrada 2 de outubro de 2023, solicitando a renuncia á subvención SUBDOT-2022/138.

Polo anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo.

Acceder á petición formulada por dona Susana González Sanjurjo (As Nogais), en representación da Agrupación de Veciños de Horta-Chao de Vila e Valiña, e aceptar a renuncia da subvención outorgada pola Xunta de Goberno con data 21 de abril de 2023, tramitada co número de expediente SUBDOT-2022/138, para a Dotación e mellora de servizos comunitarios, por importe de 6.000,00 €.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

	IV7WUWX23LWJZXVSQVOXKQLAEA	Fecha y Hora	17/11/2023 11:52:22
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WUWX23LWJZXVSQVOXKQLAEA	Página	46/47





11.- PROPOSTA DE COMPARECENCIA NO PROCEDEMENTO DSP 635/2023-SOCIAL.

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

“Visto a Cédula de Citación do Xulgado do Social nº2 de Lugo en relación co procedemento: despido/ ceses en xeral 635/2023 seguido a instancia de D^a Blanca Suárez Fernández Carcedo fronte á Deputación en materia de despedimento, na que se cita a esta entidade para comparecer ao acto do xuízo fixado para o vindeiro 20 de febreiro de 2024 ás 11.20h.

Visto o anterior, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

A comparecencia desta entidade no procedemento anteriormente referenciado a través dos letrados da Asesoría Xurídica provincial.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

12.-COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

13.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores/as Deputados/as.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e vinte minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,

	IV7WUWX23LWJZXVSQVOXKQLAEA	Fecha y Hora	17/11/2023 11:52:22	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WUWX23LWJZXVSQVOXKQLAEA	Página	47/47	